



Órgano de contratación:	Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia				
Denominación do expediente:	Servizo de administración de sistemas dos CPDs de la Xunta de Galicia				
Ref. Expediente:	AMT-2025-0011	Harmonizado:	Si	Lotes:	Non
Procedemento:	Aberto	Tipo contrato:	Servizos	Prórroga:	Si
Tipo tramitación:	Ordinaria	Criterios:	Pluralidade de Criterios	Plurianual:	Si
CPV:	72.250000-2	Servizos de sistemas e apoio.			
Orzamento base de licitación:	7.173.364,00 €	Valor estimado:	14.226.760,00 €	Prazo:	24 meses

Acta da reunión da mesa de contratación para a apertura da documentación dos criterios avaliados mediante xuízo de valor (sobre B)

Orde do día

1. Constitución da mesa de contratación.
2. Apertura pública do sobre de criterios avaliados mediante xuízo de valor (Sobre B).
3. Acordos da mesa.

1. Constitución da mesa de contratación

Lugar	Acto telemático	
Data	15/05/2025	
Hora	Inicio	10:55
	Fin	11:00

No lugar, día e hora enriba indicados, constitúese a mesa de contratación para a apertura, en acto público, dos sobres correspondentes aos criterios avaliados mediante xuízo de valor (Sobre B) do expediente que se referencia.

Para constituír a mesa emprégase a plataforma de videoconferencias a través de internet fornecida pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que garante a identidade dos membros da mesa asistentes, o contido das súas manifestacións e o momento en que estas se producen, a interactividade e a intercomunicación entre os membros da mesa en tempo real, así como a dispoñibilidade dos medios durante a sesión. Todos estes extremos verifícanse pola persoa que ocupa a secretaría da mesa.

Membros da mesa asistentes	
Presidente	Adrián Lence Paz (director da Área de Infraestruturas e Seguridade)
Vogal	Consuelo Mauriz Montero (xefa Servizo de Control Patrimonial e do Tesouro)
Vogal	David Conde Varela (letrado da Xunta de Galicia)



Vogal	Belén Alberte Aparicio (funcionaria do Departamento de Contratación)
Vogal	Manuel Landeira Ríos (xefe de negociado do Departamento de Contratación)
Secretario	Fernando Varela Brandariz (funcionario do Departamento de Contratación)

Esta mesa está asistida polos seguintes técnicos asesores

José Luis Barreiro Cebey	Xefe do Departamento de Sistemas
--------------------------	----------------------------------

2. Apertura pública do sobre de criterios avaliados mediante xuízo de valor (sobre B)

O presidente dá comezo ao acto público dando a benvinda e identificando os representantes das entidades licitadoras que solicitaron asistir a este acto. A continuación informa aos ditos asistentes dos antecedentes deste procedemento.

Asistentes por parte das entidades licitadoras:

Entidade	Representante
UTE ALTIA-MINSAIT EXP. AMT-2025-0011	Monteserrat Souto Brenlla Manuel Ruiz de Cortázar Díaz

Seguidamente, a través da plataforma de licitación electrónica Silex, e logo do seu descifrado mediante a achega dos certificados dixitais de dous membros da mesa, compróbase a correcta descarga da documentación correspondente aos criterios avaliados mediante xuízo de valor.

Ofertas admitidas:

- UTE ALTIA-MINSAIT EXP. AMT-2025-0011
- NTT DATA SPAIN INFRASTRUCTURES ENGINEERING, SLU

3. Acordos da mesa

Primeiro: remitir a documentación correspondente aos criterios avaliados mediante xuízo de valor á área técnica promotora desta contratación para a elaboración do informe que recolla a súa valoración.

Non hai máis temas que tratar, polo que, o presidente levanta a sesión, e convoca os membros da Mesa para o acto público de apertura dos criterios económicos por aplicación de fórmulas (Sobre C), que terá lugar no día e hora que oportunamente sexa comunicado.

Adrián Lence Paz
Presidente

Fernando Varela Brandariz
Secretario

